



Fichas divulgativas pagamentos directos

FICHA 3.0/PD/DR

Condicionalidade

NORMATIVA

- **Regulamento (CE) 1306/2013** sobre o financiamento, a xestión e o seguimento da política agrícola común (título VI, artigos 91 ao 101 e anexo II **Normas de condicionalidade**).
- **Real decreto 1078/2014** polo que se establecen as **normas de condicionalidade** que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola.

DEFINICIÓNS

Explotación: todas as unidades de produción e superficies xestionadas polo beneficiario situadas no territorio dun mesmo Estado membro.

Requisito: cada un dos requisitos legais de xestión en virtude do dereito da Unión mencionado no anexo II, dentro dun acto dado, que sexa diferente, en canto ao fondo, de calquera outro requisito dese acto.

Pastos permanentes: as terras utilizadas para o cultivo de gramíneas ou outras forraxes herbáceas, xa sexan naturais (espontáneas) ou cultivadas (sementadas), e non incluídas na rotación de cultivos da explotación durante cinco anos ou máis, excluídas as superficies retiradas da produción.

Gramíneas ou outras forraxes herbáceas: todas as plantas herbáceas que se adoitan encontrar nos pastos naturais ou que se inclúen nas mesturas de sementes para pastos ou prados de sega no Estado membro (utilizadas ou non para pasto dos animais). Os Estados membros poderán incluír os cultivos herbáceos que figuran na lista do anexo I.

Regulamento (CE) 1306/2013 (título VI, artigo 91)

NORMAS XERAIS

Os Estados membros garantirán que toda a superficie agrícola, incluída a que xa non se utilice para a produción, se manteña en **boas condicións agrarias e ambientais**.

- Cando un beneficiario incumpra as normas de condicionalidade, imporáselle unha sanción administrativa.
- A sanción administrativa só se aplicará cando o incumprimento sexa o resultado dunha acción ou omisión directamente imputable ao beneficiario de que se trate; e cando unha, ou ambas, das seguintes condicións se cumpran:
 - a) O incumprimento estea relacionado coa actividade agraria do beneficiario;
 - b) Afecte a superficie da explotación do beneficiario.
- A sanción administrativa aplicarase sobre a base dos importes totais dos pagamentos, mediante a redución ou a exclusión do importe total.
- Para o cálculo desas reducións e exclusións teranse en conta a gravidade, o alcance, a persistencia e a reiteración do incumprimento observado.
- Se o incumprimento é debido a negligencia, a sanción non excederá o 5 %, aínda que en caso de reiteración se elevará ao 15 %. En caso de incumprimento deliberado, a sanción non será inferior ao 20 % e poderá chegar á exclusión total dun ou varios anos.



Aplicarase aos beneficiarios que reciban:

- a) Pagamentos directos en virtude do Regulamento (UE) nº 1307/2013. Non se aplicará aos beneficiarios que participen no réxime para os pequenos agricultores.
- b) Pagamentos en virtude do Regulamento (UE) nº 1308/2013:
Reestruturación e reconversión de viñedos
Colleita en verde
- c) Primas anuais recollidas no Regulamento (UE) nº 1305/2013:
Artigo 21. Investimentos no desenvolvemento de zonas forestais e mellora da viabilidade dos bosques para a reforestación e a creación de superficies forestais e/ou a implantación de sistemas agroforestais
Artigo 28. Agroambiente e clima
Artigo 29. Agricultura ecolóxica
Artigo 30. Pagamentos ao abeiro de Natura 2000 e da Directiva marco da auga
Artigo 31. Axuda a zonas con limitacións naturais ou con outras limitacións específicas
Artigo 33. Benestar dos animais
Artigo 34. Servizos silvoambientais e climáticos e conservación dos bosques

Tamén se aplicará aos beneficiarios das oito medidas de desenvolvemento rural, en virtude do artigo 36, letra a), incisos i a v), e letra b), incisos i), iv) e v) do Regulamento (CE) nº 1698/2005, do período anterior (2007-2013), así como aos beneficiarios que recibisen o primeiro pagamento da prima ao arranque e á reestruturación e reconversión do viñado, segundo o disposto nos artigos 85 unvicies e 103 septvicies do Regulamento (CE) nº 1234/2007, nos anos 2012, 2013 ou 2014.

Regulamento (CE) 1306/2013 (*título VI, artigos 92 ao 97 e 99*)
Real decreto 1078/2014

CARACTERÍSTICAS

As normas de condicionalidade serán os **requisitos legais de xestión (RLX)**, previstos pola lexislación da Unión, e as **normas en materia de boas condicións agrarias e ambientais da terra (BCAM)**, establecidas a nivel nacional, relativas aos seguintes ámbitos:

- a) ambiente, cambio climático e boas condicións agrarias da terra;
- b) saúde pública e sanidade animal e vexetal;
- c) benestar animal.

Os anexos I e II do Real decreto 1078/2014 polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos ou determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude dos programas de apoio á reestruturación e reconversión ou de apoio á colleita en verde do viñado, establecen os RLX e BCAA que se aplican ás axudas directas en España.

Ademais, polo que respecta a 2015, as normas de condicionalidade tamén incluírán o mantemento da proporción de referencia de pastos permanentes.

Regulamento (CE) 1306/2013 (*anexo II Normas de condicionalidade*)
Real decreto 1078/2014 (*anexos I y II*)